

BASES PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE XERENTE EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE A MARIÑA-GDR1.

A Asociación de Desenvolvemento da Comarca de A Mariña-GDR1, por acordo da Xunta Directiva desta Asociación de data 3 de marzo de 2009 dispuxo convocar unha praza de Xerente de conformidade coas seguintes bases reguladoras:

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Convócanse probas selectivas para prover, polo procedemento de concurso - oposición, unha praza de Xerente no réxime de persoal laboral da Asociación de Desenvolvemento da Comarca de A Mariña (GDR1). O contrato será a tempo completo e por obra ou servizo determinado.

As funcións do posto son:

- Organizar estratexias e consecución de obxectivos que planifiquen os órganos do GDR-1.
- Asesorar, mobilizar e dinamizar a sectores de poboación, a particulares, empresas e persoas emprendedoras susceptibles de ser beneficiarias das accións LEADER.
- Promoción e captación de iniciativas, fomentando que xurdan estas, tanto no inicio do programa coma no desenvolvemento do mesmo.
- Asesoramento e información acerca das diversas axudas financeiras as que se pode acoller unha iniciativa, dentro do Programa ou en outras convocatorias de axuda pública.
- Colaborar coas estruturas de desenvolvemento das Administracións Locais, Autonómicas ou Estatais.
- Impulsar a execución dos proxectos ou actuacións aprobadas dentro do Programa LEADER.
- Analizar e avaliar os proxectos presentados, elaborar informes respecto as iniciativas e seguimento das certificacións.
- Informar á Xunta Directiva sobre o funcionamento e xestións realizadas polo equipo xestor.

*ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE A MARIÑA-GDR1
PROGRAMA LEADER 2007-2013*

- Calquera outra que lle sexa encomendada pola Asemblea xeral, a Xunta Directiva ou Presidencia do GDR-1, así como as inherentes ao Programa LEADER que marque a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER).
- Dirixir o equipo de xestión do Programa.

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS.

As características do posto que se oferta, titulación e requisitos, así como as retribucións anuais son:

Denominación:	Xerente
Titulación:	Licenciatura Universitaria en Económicas, Ciencias Empresariais, Economía, Administración e Dirección de Empresas de Empresas, Dereito ou Enxeñaría Superior.
Retribución bruta anual:	27.000 euros brutos anuais, que se distribuirán en 14 pagas.
Duración:	Programa Leader de Galicia 2007-2013. Establécese un período de proba de 6 meses.
Xornada:	A establecida pola Asociación de Desenvolvemento da Comarca de A Mariña-GDR-1.

TERCEIRA.- REQUISITOS.

Poderán tomar parte no concurso-oposición todos/as os/as que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Ser español/a, ou natural dun Estado membro da Comunidade Europea ou de algún estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.
- b) Ter cumpridos 18 anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión do título de Licenciatura Universitaria en Económicas, Ciencias Empresariais, Economía, Administración e Dirección de Empresas, Dereito ou Enxeñaría superior, expedido por Centro Oficial debidamente recoñecido, ou estar en condicións de obtelo no mesmo día de finalización do prazo de presentación de instancias.

*ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE A MARIÑA-GDR1
PROGRAMA LEADER 2007-2013*

No caso de invocar un título equivalente aos esixidos haberá de acompañarse certificado expedido polo Consello Nacional de Educación que acredite a citada equivalencia.

- d) Coñecementos informáticos de nivel avanzado de usuario.
- e) Non desenvolver cargos electos na Asociación de Desenvolvemento da Comarca de A Mariña-GDR1.
- f) Estar en posesión do carné de conducir tipo B.
- g) Disponibilidade de vehículo.
- h) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes á praza.
- i) Non estar incurso en causa de incapacidade, segundo a lexislación vixente.
- j) Non ter sido separado/a definitivamente, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. Os/as aspirantes cuxa nacionalidade non sexa española deberán acreditar igualmente, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal, que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
- k) Disponibilidade horaria.
- l) Dedicación exclusiva.

Os requisitos establecidos nos apartados anteriores deberán cumprirse o derradeiro día do prazo de presentación de instancias e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.

CUARTA.- SOLICITUDES.

4.1.- As instancias solicitando ser admitidos/as e tomar parte no proceso de selección, nos que os/as aspirantes deberán manifestar que coñecen as bases, someténdose ás mesmas e que reúnen os requisitos esixidos na Base Terceira estarán dirixidas ao Sr. Presidente da Asociación de Desenvolvemento da Comarca de A Mariña-GDR1 e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Mondoñedo, en horario de 09:00 a 14:00 horas, de luns a venres. O prazo de recepción de solicitudes rematará o luns 30 de marzo (inclusive), e estas deberán realizarse segundo o modelo que se xunta como anexo I ás presentes bases.

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE A MARIÑA-GDR1
PROGRAMA LEADER 2007-2013

Tamén se poderán presentar as solicitudes e documentación conforme ás normas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común conforme á redacción dada pola Lei 4/1999. Se a documentación se remite por correo, o aspirante deberá xustificar a súa remisión enviando notificación por fax ao número 982 524 007 antes das 14 horas do último día no que remata o prazo de presentación.

4.2.- A instancia – solicitude será necesario acompañala dos seguintes documentos:

- a) Copia simple do D.N.I. e declaración xurada de que as copias son fiel reflexo do orixinal. A Asociación poderá solicitar en calquera momento os documentos orixinais.
- b) Copia simple do permiso de conducir.
- c) Copia simple da titulación requirida.
- d) Currículo do/a aspirante, onde se relacionen os méritos.
- e) Copia simple dos xustificantes dos méritos alegados.
- f) Copia simple do informe de vida laboral e contratos.
- g) Declaración expresa de dispoñibilidade de vehículo.
- h) Declaración de non estar incurso nas causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma Galega, así como o compromiso de informar no caso de cambiar estas circunstancias.
- i) Declaración de non desempeño de cargos electos na Asociación de Desenvolvemento da Comarca de A Mariña-GDR1.
- j) Declaración de que caso de ser a persoa seleccionada para o posto o desenvolverá con dedicación exclusiva.
- k) Declaración de non estar incurso en causas de incapacidade segundo a lexislación vixente.
- l) Declaración de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desempeño das correspondentes funcións.

A non presentación da anterior documentación motivaría a exclusión do procedemento de selección, salvo no disposto na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no referente á subsanación de ditas omisións.

*ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE A MARIÑA-GDRI
PROGRAMA LEADER 2007-2013*

Ademais da documentación esixida para ser admitido/a deberá presentar na mesma data:

- Documentación acreditativa dos méritos que aleguen para a súa baremación.
- A documentación acreditativa deberá referirse sempre a data indicada no punto 4.1 anterior. Non se valorarán aqueles méritos non acreditados convenientemente.

4.3.- Os/As aspirantes con algunha capacidade diminuída terán que indicalo na solicitude. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

QUINTA. - ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

5.1.- Expirado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia aprobará no prazo máximo de un mes a relación provisional de admitidos e excluídos, que será publicada no taboleiro de anuncios dos concellos do territorio do GDR-1 e na páxina web de AGADER, indicando as causas da exclusión e concedendo un prazo de cinco días naturais para a subsanación de defectos. De terse presentado reclamacións de dita lista provisional, serán aceptadas ou rexeitadas no acto polo que se aprobe a lista definitiva, que será feita pública e exposta así mesmo na forma indicada anteriormente. Conxuntamente coa lista definitiva de admitidos e excluídos publicarase a data, hora e comezo da fase de oposición.

De non existir excluídos na lista provisional, que é o que xustifica o prazo para a presentación de reclamacións, este omitirase elevándose dita lista a definitiva.

5.2.- Os erros de feito poderán subsanarse en calquera momento de oficio ou a petición do interesado.

SEXTA.- COMISIÓN DE AVALIACIÓN.

6.1.- Estará constituída da seguinte forma:

Presidente: o da Asociación, D. Anxo Martínez Pérez.

Vocais:

- Catro membros da Xunta Directiva designados por esta, a saber:
 - D. Daniel Villapol Valea (Vicepresidente da Asociación),
 - Dna. Azucena González Loredó (Secretaria da Asociación),

*ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE A MARIÑA-GDRI
PROGRAMA LEADER 2007-2013*

- Dna. Belén González Martínez (vocal da Xunta Directiva) e
- D. Lois Nieto López (vocal da Xunta Directiva).
- Un membro da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) que actuará con voz pero sen voto.

Secretaria: a da Asociación, Dna. Azucena González Loredó

6.2.- A Comisión non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, como mínimo, da metade dos seus membros. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do Presidente, que deberá estar presente durante todo o proceso.

A Comisión poderá acordar a incorporación de asesores e especialistas para todas ou algunha das probas. Estes asesores limitaranse a valorar os exercicios correspondentes á súa especialidade técnica e colaborarán exclusivamente en base a dita especialidade.

6.3.- Os/As membros da Comisión deberán absterse de formar parte da mesma cando concorran as circunstancias previstas no artigo 28 de Lei 30/1.992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Tamén deberán absterse os/as membros do Tribunal que tiveran realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso a postos da especialidade que se convoca desta Asociación, nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Os/As aspirantes poderán recusalos/as cando concorran estas circunstancias.

6.4.- A actuación da Comisión axustarase estrictamente ás bases da presente convocatoria.

Non obstante, a mesma resolverá as dúbidas que xurdan da súa aplicación e adoptará os acordos precisos para aqueles supostos non previstos nas bases.

SÉTIMA.- CALENDARIO DE REALIZACIÓN DAS PROBAS E ACTUACIÓN DOS ASPIRANTES.

As probas selectivas realizaranse nun prazo máximo de tres meses a partires da publicación do anuncio desta convocatoria.

OITAVA.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

8.1.- O procedemento de selección dos/as aspirantes constará de tres fases:

FASE 1ª.- Proba escrita.

Os/as candidatos/as admitidos/as realizarán unha proba escrita centrada sobre materias de desenvolvemento rural e do PDR de Galicia 2007/2013, normativa de subvencións e territorio de actuación do GDR que se valorará con un máximo de 65 puntos.

A proba constará de 65 preguntas cortas e tipo test. Por cada pregunta contestada correctamente outorgarase un punto, e cada dúas respostas incorrectas restarán unha correcta.

Esta proba será eliminatoria, sendo precisa para superala un mínimo de 45 puntos. De non chegar ningún aspirante a esa cifra pasarán á seguinte fase do proceso selectivo as 3 persoas que obtiveron as puntuacións máis altas.

Os aspirantes terán que presentarse para a realización do exercicio provistos de D.N.I. ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, e bolígrafo.

FASE 2ª.- Entrevista persoal.

Realización dunha entrevista persoal de selección na que se valorará, ademais dos contidos propios do posto de traballo, a formación e experiencia profesional, os coñecementos, habilidades, capacidades e destrezas necesarios para o desenvolvemento do posto de traballo solicitado, actitude e motivación para o mesmo, capacidade de transmisión e/ou comunicación verbal e non verbal, etc., sendo a puntuación máxima a obter nesta fase de 20 puntos quedando eliminados aqueles/as que non acaden a puntuación mínima de 13 puntos.

O número de puntos que poderá ser outorgado por cada membro do Tribunal será de 0,00 a 20, 00. A cualificación final do exercicio será a suma de todas as cualificacións outorgadas polos membros do Tribunal, dividida polo número de membros que teñan puntuado. Se se producira unha variación de 7 ou máis puntos nas

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE A MARIÑA-GDRI
PROGRAMA LEADER 2007-2013

cualificacións outorgadas polos membros do Tribunal, eliminaríanse as puntuacións maior e menor, obténdose entón o cociente dividindo entre dous membros menos.

FASE 3ª.- Concurso de méritos.

A valoración do Currículo do/a candidato/a non poderá ser superior a 15 puntos e non terá carácter eliminatorio. Procederáse á valoración dos méritos, de acordo co baremo que figura a continuación:

Formación relacionada co Desenvolvemento Rural:

Cursos e congresos impartidos ou recibidos. (Máximo 6 puntos)

1. Por cada curso maior de 20 horas e menor ou igual a 40 horas: 0,6 puntos.
2. Por cada curso maior de 40 horas e menor ou igual a 100 horas: 1,2 puntos.
3. Por cada curso maior de 100 horas: 3 puntos.

Experiencia Profesional:

Por ter traballado en programas Leader ou Proder vinculados ao desenvolvemento rural. (Máximo 9 puntos)

1. Experiencia en Xerencia de programas Leader, Proder ou Agader vinculados ao desenvolvemento rural: (0, 30 puntos por cada 3 meses ou 90 días acumulados traballando).
2. Experiencia como Técnico de programas Leader, Proder ou Agader vinculados ao desenvolvemento rural: (0, 12 puntos por cada 3 meses ou 90 días acumulados traballando).

Outros:

1. Participación social. (Máximo 1,5 puntos):
 - a. Membro da xunta directiva dunha entidade social ou integrante dun organismo de representación social (ata 1 punto): cada ano 0,25 puntos.
 - b. Socio dunha entidade social (ata 1 punto): cada ano 0,1 puntos.
2. Residencia no territorio do GDR-1: 1 punto. Enténdese por residir no territorio estar empadroadado durante todo o ano natural 2008.

8.2.- Acreditación de méritos:

A acreditación de méritos farase mediante a presentación da seguinte documentación debidamente cotexada:

- a) Experiencia laboral:

*ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE A MARIÑA-GDRI
PROGRAMA LEADER 2007-2013*

- A experiencia laboral acreditarase mediante contratos de traballo e certificados de empresa modelo oficial ou outros documentos oficiais que reflectan claramente o posto desempeñado, a categoría e a duración da relación laboral e ademais mediante certificado de vida laboral expedido pola Seguridade Social co que se constatarán os documentos anteriores.
 - No caso de traballadores autónomos o Certificado de vida laboral deberá acompañar as correspondentes liquidacións do IAE ou ben documento expedido pola Seguridade Social no que se indique o período de cotización e a actividade desempeñada.
- b) Formación recibida:
- A formación acreditarase mediante diplomas, títulos, ou certificados da entidade que imparte a formación, facendo necesariamente referencia ao número de horas, e debendo aparecer así mesmo: contidos, datas de impartición e emisión, datos da entidade que imparte a formación, identificación da persoa que certifica (nome e cargo da mesma) e selo da entidade.
 - As horas de formación as que se fai referencia, computaranse exclusivamente cando se teñan conseguido nun só curso formativo. Non se sumarán, en ningún caso, as horas de cursos distintos aínda tratándose da mesma materia. Por tanto, deberán absterse de presentar acreditacións de cursos con unha duración inferior as 20 horas de formación técnica relacionada coa praza solicitada.
 - A xustificación académica realizarase co correspondente título ou resguardo da solicitude do mesmo.
- c) Outros:
- A pertenza como membro da xunta directiva dunha entidade social ou integrante dalgún organismo de representación social acreditarase mediante certificado de secretaría da mencionada entidade ou organismo.
 - A residencia no territorio do GDR-1 acreditarase mediante certificado de empadramento do Concello.

Condicións Xerais:

- **Non se admitirán acreditacións fóra do prazo de presentación sinalado na base 4.1.**

- **A documentación aportada quedará no expediente, sen posibilidade de recollida posterior ao proceso de selección.**

NOVENA.- CLASIFICACIÓN DEFINITIVA.

A puntuación final total de cada aspirante obterase sumando a puntuación total das tres fases. En caso de empate, desfarase este optando por aquel aspirante que tivera alcanzado mellor puntuación na fase da proba escrita. De persistir o empate, romperase este pola o maior cualificación na fase de entrevista. En todo caso, non poderán ser seleccionadas máis persoas que postos a cubrir, ou sexa, unha.

DÉCIMA.- ACTUACIÓN DOS ASPIRANTES.

10.1.- A orde de actuación dos/as aspirantes na segunda fase, será por orde alfabético de primeiro apelido, comezando coa letra que se determine en sorteo previo.

10.2.- Os/as aspirantes serán convocados/as, provistos de D.N.I., en chamamento único. A non presentación dun/ha aspirante ao exercicio da primeira e segunda fase no momento de ser chamado, determinará automaticamente o cese do seu dereito a participar no mesmo, quedando excluído, en consecuencia, do procedemento selectivo.

UNDÉCIMA. – RELACIÓN DE APROBADOS, PROPOSTA DE CONTRATACIÓN E BOLSA DE TRABALLO.

11.1.- Finalizada a cualificación dos/as aspirantes das probas previstas, o Tribunal publicará a relación de aprobados pola orde de puntuación obtida, resultando seleccionado o aspirante con maior nota acadada.

Acto seguido, por orde do Sr. Presidente, elevarase a definitiva a proposta do Comité de Avaliación do aspirante con mellor puntuación.

11.2.- Notificada a resolución do nomeamento, deberá o/a interesado/a comparecer para subscribir o contrato correspondente e comezará a prestar o seu servizo no día que se lle indique.

11.3.- Para os supostos de quedar vacante por renuncia, baixa voluntaria, baixa por enfermidade, ausencia, suspensión legal do correspondente contrato ou outras causas, procederase pola Presidencia da Asociación de Desenvolvemento da Comarca de A Mariña-GDRI a realizar as contratacións da bolsa de traballo que se teña constituído co resto de aspirantes que teñan superado as fases unha e dúas (fase de oposición).

DUODÉCIMA.- NORMA FINAL

Os procedementos establecidos nas bases así como as actuacións derivadas da súa aplicación por parte do Tribunal de Selección, poderán ser impugnados no prazo e forma establecidos na Lexislación que resulte de aplicación.

DILIXENCIA: Póñoa eu, a Secretaria, para facer constar que as presentes bases foron aprobadas pola Xunta Directiva de data 3 de marzo de 2009.

Mondoñedo, a 17 de Marzo de 2.009

Asdo: M^a Azucena González Loreda
Secretaria

BASES PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE TÉCNICO/A EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE A MARIÑA GDR-1

A Asociación de Desenvolvemento da Comarca de A Mariña-GDR1, por acordo da Xunta Directiva desta Asociación de data 3 de marzo de 2009 dispuxo convocar unha praza de Técnico/a de conformidade coas seguintes bases reguladoras:

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Convócanse probas selectivas para prover, polo procedemento de concurso - oposición, unha praza de Técnico/a no réxime de persoal laboral da Asociación de Desenvolvemento Comarca de A Mariña. O contrato será a tempo completo e por obra ou servizo determinado.

As funcións do posto serán a avaliación de proxectos, contabilidade, elaboración de estudos de viabilidade de proxectos e aquelas outras que lle sexan demandadas para cumprir os obxectivos do Programa Leader Galicia 2007-2013.

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS.

As características do posto que se oferta, titulación e requisitos, así como as retribucións anuais son:

Denominación:	Técnico/a.
Titulación :	Diplomatura ou Licenciatura en Ciencias Empresariais ou Xestión e Administración Pública; Licenciatura ou Diplomatura en Economía, ou Administración e Dirección de Empresas; ou Enxeñaría Técnica ou Superior.
Retribución bruta anual:	25.500 euros brutos anuais, que se distribuirán en 14 pagas.
Duración:	Programa Leader de Galicia 2007-2013. Establécese un período de proba de 6 meses.
Xornada:	A establecida pola Asociación de Desenvolvemento da Comarca de A Mariña-GDR1.

TERCEIRA.- REQUISITOS.

Poderán tomar parte no concurso-oposición todos/as os/as que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Ser español/a, ou natural dun Estado membro da Comunidade Europea ou de algún estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.
- b) Ter cumpridos 18 anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- c) **Estar en posesión do título de Diplomatura en Ciencias Empresariais ou Xestión e Administración Pública; Licenciatura en Economía, ou Administración e Dirección de Empresas; ou Enxeñaría Técnica ou Superior**, expedido por Centro Oficial debidamente recoñecido, ou estar en condicións de obtelo no mesmo día de finalización do prazo de presentación de instancias.
No caso de invocar un título equivalente ós esixidos haberá de acompañarse certificado expedido polo Consello Nacional de Educación que acredite a citada equivalencia.
- d) Coñecementos informáticos de nivel avanzado de usuario.
- e) Non desenvolver cargos electos na Asociación de Desenvolvemento Comarca de A Mariña-GDR1.
- f) Estar en posesión do carné de conducir tipo B
- g) Disponibilidade de vehículo.
- h) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes á praza.
- i) Non estar incurso en causa de incapacidade, segundo a lexislación vixente.
- j) Non ter sido separado/a definitivamente, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. Os aspirantes cuxa nacionalidade non sexa española deberán acreditar igualmente, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal, que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
- k) Disponibilidade horaria.
- l) Dedicación exclusiva.

Os requisitos establecidos nos apartados anteriores deberán cumprirse o derradeiro día do prazo de presentación de instancias e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.

CUARTA.- SOLICITUDES.

4.1.- As instancias solicitando ser admitidos/as e tomar parte no proceso de selección, nos que os/as aspirantes deberán manifestar que coñecen as bases, someténdose ás mesmas e que reúnen os requisitos esixidos na Base Terceira estarán dirixidas ó Sr. Presidente da Asociación de Desenvolvemento da Comarca de A Mariña-GDR1 e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Mondoñedo, en horario de 09:00 a 14:00 horas, de luns a venres. O prazo de recepción de solicitudes rematará o luns 30 de marzo (inclusive), e estas deberán realizarse segundo o modelo que se xunta como anexo I ás presentes bases.

Tamén se poderán presentar as solicitudes e documentación conforme ás normas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común conforme á redacción dada pola Lei 4/1999. Se a documentación se remite por correo, o aspirante deberá xustificar a súa remisión enviando notificación por fax ao número 982 524 007 antes das 14 horas do último día no que remata o prazo de presentación.

4.2.- A instancia – solicitude será necesario acompañala dos seguintes documentos:

- Copia simple do D.N.I. e declaración xurada de que as copias son fiel reflexo do orixinal. A Asociación poderá solicitar en calquera momento os documentos orixinais.
- Copia simple do permiso de conducir.
- Copia simple da titulación requirida.
- Currículo do/a aspirante, onde se relacionen os méritos.
- Copia simple dos xustificantes dos méritos alegados.
- Copia simple do informe de vida laboral e contratos.
- Declaración expresa de dispoñibilidade de vehículo.
- Declaración de non estar incurso nas causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma Galega, así como o compromiso de informar no caso de cambiar estas circunstancias.

*ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE A MARIÑA-GDRI
PROGRAMA LEADER 2007-2013*

- Declaración de que caso de ser a persoa seleccionada para o posto o desenvolverá con dedicación exclusiva
- Declaración de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desempeño das correspondentes funcións.

A non presentación da anterior documentación motivaría a exclusión do procedemento de selección, salvo no disposto na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no referente á subsanación de ditas omisións.

Ademais da documentación esixida para ser admitido/a deberá presentarse na mesma data:

- Documentación acreditativa dos méritos que aleguen para a súa baremación.
- A documentación acreditativa deberá referirse sempre a data indicada no punto 4.1 anterior. Non se valorarán aqueles méritos non acreditados convenientemente.

4.3.- Os/As aspirantes con algunha capacidade diminuída terán que indicalo na solicitude. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

QUINTA. - ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

5.1.- Expirado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia aprobará no prazo máximo de un mes a relación provisional de admitidos e excluídos, que será publicada no taboleiro de anuncios dos concellos do territorio do GDR-1 e na páxina web de AGADER, indicando as causas da exclusión e concedendo un prazo de cinco días naturais para a subsanación de defectos . De terse presentado reclamacións de dita lista provisional, serán aceptadas ou rexeitadas no acto polo que se aprobe a lista definitiva, que será feita pública e exposta así mesmo na forma indicada anteriormente. Conxuntamente coa lista definitiva de admitidos e excluídos publicarase a data, hora e comezo da fase de oposición.

De non existir excluídos na lista provisional, que é o que xustifica o prazo para a presentación de reclamacións, este omitirase elevándose dita lista a definitiva.

5.2.- Os erros de feito poderán subsanarse en calquera momento de oficio ou a petición do interesado.

SEXTA.- COMISIÓN DE AVALIACIÓN.

6.1.- Estará constituída da seguinte forma:

Presidente: o da Asociación, D. Anxo Martínez Pérez.

Vocais:

- Catro membros da Xunta Directiva designados por esta, a saber:
 - D. Daniel Villapol Valea (Vicepresidente da Asociación),
 - Dna. Azucena González Loreda (Secretaria da Asociación),
 - Dna. Belén González Martínez (vocal da Xunta Directiva) e
 - D. Lois Nieto López (vocal da Xunta Directiva).
- Un membro da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) que actuará con voz pero sen voto.

Secretaria: a da Asociación, Dna. Azucena González Loreda

6.2.- A Comisión non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, como mínimo, da metade dos seus membros. As decisión adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do Presidente, que deberá estar presente durante todo o proceso selectivo.

A Comisión poderá acordar a incorporación de asesores e especialistas para todas ou algunha das probas. Estes asesores limitaranse a valorar os exercicios correspondentes á súa especialidade técnica e colaborarán exclusivamente en base a dita especialidade.

6.3.- Os/As membros da Comisión deberán absterse de formar parte da mesma cando concorran as circunstancias previstas no artigo 28 de Lei 30/1.992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Tamén deberán absterse os/as membros do Tribunal que tiveran realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso a postos da especialidade que se convoca desta Asociación, nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Os/As aspirantes poderán recusalos/as cando concorran estas circunstancias.

6.4.- A actuación da Comisión axustarase estritamente ás bases da presente convocatoria.

Non obstante, a mesma resolverá as dúbidas que xurdan da súa aplicación e adoptará os acordos precisos para aqueles supostos non previstos nas bases.

SÉTIMA.- CALENDARIO DE REALIZACIÓN DAS PROBAS E ACTUACIÓN DOS ASPIRANTES.

As probas selectivas realizaranse nun prazo máximo de tres meses a partires da publicación do anuncio desta convocatoria.

OITAVA.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

8.1.- O procedemento de selección dos/as aspirantes constará de tres fases:

FASE 1ª.- Proba escrita.

Os/as candidatos/as admitidos/as realizarán unha proba escrita centrada sobre materias de desenvolvemento rural e do PDR de Galicia 2007/2013, normativa de subvencións, territorio de actuación do GDR e *asesoramento e xestión empresarial* que se valorará con un máximo de 65 puntos, sendo precisa para superala un mínimo de 45 puntos.

A proba constará de 65 preguntas cortas e tipo test. Por cada pregunta contestada correctamente outorgarase un punto, e cada dúas respostas incorrectas restarán unha correcta.

Esta proba será eliminatoria, sendo precisa para superala un mínimo de 45 puntos. De non chegar ningún aspirante a esa cifra, pasarán á seguinte fase do proceso selectivo as 3 persoas que obtiveron as puntuacións máis altas.

Os aspirantes terán que presentarse para a realización do exercicio provistos de D.N.I. ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, e bolígrafo.

FASE 2ª.- Entrevista persoal.

Realización dunha entrevista persoal de selección na que se valorará, ademais dos contidos propios do posto de traballo, a formación e experiencia profesional, os coñecementos, habilidades, capacidades e destrezas necesarios para o desenvolvemento do posto de traballo solicitado, actitude e motivación para o mesmo, capacidade de transmisión e/ou comunicación verbal e non verbal, etc., sendo a puntuación máxima a obter nesta fase de 20 puntos quedando eliminados aqueles/as que non acaden a puntuación mínima de 13 puntos.

*ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE A MARIÑA-GDRI
PROGRAMA LEADER 2007-2013*

O número de puntos que poderá ser outorgado por cada membro do Tribunal será de 0,00 a 20,00. A calificación final do exercicio será a suma de todas as calificacións outorgadas polos membros do Tribunal, dividida polo número de membros que teñan puntuado. Se se producira unha variación de 7 ou máis puntos nas calificacións outorgadas polos membros do Tribunal, eliminaríanse as puntuacións maior e menor, obténdose entón o cociente dividindo entre dous membros menos.

FASE 3ª.- Concurso de méritos.

A valoración do Currículo do/a candidato/a non poderá ser superior a 15 puntos e non terá carácter eliminatorio. Procederáse á valoración dos méritos, de acordo co baremo que figura a continuación:

Formación relacionada co posto de traballo:

Cursos e congresos de contabilidade, avaliación de proxectos, viabilidade de empresas ou temas afíns, impartidos ou recibidos. (Máximo 6 puntos)

- m) Por cada curso maior de 20 horas e menor ou igual a 40 horas: 0,6 puntos.
- n) Por cada curso maior de 40 horas e menor ou igual a 100 horas: 1,2 puntos.
- o) Por cada curso maior de 100 horas : 3,0 puntos.

Experiencia Profesional:

Por ter traballado en programas Leader ou Proder vinculados ó desenvolvemento rural. (Máximo 9 puntos)

1. Experiencia en Xerencia de programas Leader, Proder ou Agader vinculados ó desenvolvemento rural: (0, 30 puntos por cada 3 meses ou 90 días acumulados traballando).
2. Experiencia como Técnico de programas Leader, Proder ou Agader vinculados ó desenvolvemento rural: (0, 30 puntos por cada 3 meses ou 90 días acumulados traballando).
3. En empresas ou administracións públicas en temas relacionados coa xestión e contabilidade (0, 12 puntos por cada 3 meses ou 90 días acumulados traballando).
4. Experiencia en avaliación de proxectos ou estudos de viabilidade económica (0, 6 puntos por cada 3 meses ou 90 días acumulados traballando).

8.2.- Acreditación de méritos:

A acreditación de méritos farase mediante a presentación da seguinte documentación debidamente cotexada:

m) Experiencia laboral:

- A experiencia laboral acreditarase mediante contratos de traballo e certificados de empresa modelo oficial ou outros documentos oficiais que reflexen claramente o posto desempeñado, a categoría e a duración da relación laboral e ademais mediante certificado de vida laboral expedido pola Seguridade Social co que se constatarán os documentos anteriores.
- No caso de traballadores autónomos o Certificado de vida laboral deberá acompañar as correspondentes liquidacións do IAE ou ben documento expedido pola Seguridade Social no que se indique o período de cotización e a actividade desempeñada.

n) Formación recibida:

- A formación acreditarase mediante diplomas, títulos, ou certificados da entidade que imparte a formación, facendo necesariamente referencia ó número de horas, e debendo aparecer así mesmo: contidos, datas de impartición e emisión, datos da entidade que imparte a formación, identificación da persoa que certifica (nome e cargo da mesma) e selo da entidade.
- As horas de formación as que se fai referencia, computaranse exclusivamente cando se teñan conseguido nun só curso formativo. Non se sumarán, en ningún caso, as horas de cursos distintos aínda tratándose da mesma materia. Por tanto, deberán absterse de presentar acreditacións de cursos con unha duración inferior as 20 horas de formación técnica relacionada coa praza solicitada.
- A xustificación académica realizarase co correspondente título ou resguardo da solicitude do mesmo.

Condicións Xerais:

- 3. Non se admitirán acreditacións fóra do prazo de presentación sinalado na base 4.1.**
- 4. A documentación aportada quedará no expediente, sen posibilidade de recollida posterior ó proceso de selección.**

NOVENA.- CLASIFICACIÓN DEFINITIVA.

A puntuación final total de cada aspirante obterase sumando a puntuación total das tres fases. En caso de empate, desfarase este optando por aquel aspirante que tivera alcanzado mellor puntuación na fase da proba escrita. De persistir o empate, romperase este pola o maior cualificación na fase de entrevista. En todo caso, non poderán ser seleccionadas máis persoas que postos a cubrir, ou sexa, unha.

DÉCIMA.- ACTUACIÓN DOS ASPIRANTES.

10.1.- A orde de actuación dos/as aspirantes na segunda fase, será por orde alfabético de primeiro apelido, comezando coa letra que se determine en sorteo previo.

10.2.- Os/as aspirantes serán convocados/as, provistos de D.N.I., en chamamento único. A non presentación dun/ha aspirante ao exercicio da primeira e segunda no momento de ser chamado, determinará automaticamente o cese do seu dereito a participar no mesmo, quedando excluídos, en consecuencia, do procedemento selectivo.

UNDÉCIMA. –RELACIÓN DE APROBADOS, PROPOSTA DE CONTRATACIÓN E BOLSA DE TRABAJO.

11.1.- Finalizada a cualificación dos/as aspirantes das probas previstas, o Tribunal publicará a relación de aprobados pola orde de puntuación obtida, resultando seleccionado o aspirante con maior nota acadada.

Acto seguido, por orde do Sr. Presidente, elevarase a definitiva a proposta do Comité de Avaliación do aspirante con mellor puntuación.

11.2.- Notificada a resolución do nomeamento, deberá o/a interesado/a comparecer para subscribir o contrato correspondente e comezará a prestar o seu servizo no día que se lle indique.

11.3.- Para os supostos de quedar vacante por renuncia, baixa voluntaria, baixa por enfermidade, ausencia, suspensión legal do correspondente contrato ou outras causas, pola Presidencia da Asociación de Desenvolvemento da Comarca de A Mariña-GDR1 procederase a realizar as contratacións da bolsa de traballo que se teña constituído co resto de aspirantes que teñan superado as fases dúas e tres (fase de oposición).

*ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE A MARIÑA-GDRI
PROGRAMA LEADER 2007-2013*

DUODÉCIMA.- NORMA FINAL

Os procedementos establecidos nas bases así como as actuacións derivadas da súa aplicación por parte do Tribunal de Selección, poderán ser impugnados no prazo e forma establecidos na Lexislación que resulte de aplicación.

DILIXENCIA: Póñoa eu, a Secretaria, para facer constar que as presentes bases foron aprobadas pola Xunta Directiva de data 3 de marzo de 2009.

Mondoñedo, a 17 de Marzo de 2.009

Asdo: M^a Azucena González Loredó

Secretaria

BASES PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE ADMINISTRATIVO/A EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCA DE A MARIÑA-GDR1

A Asociación de Desenvolvemento da Comarca de A Mariña-GDR1, por acordo da Xunta Directiva desta Asociación de data 3 de marzo de 2009 dispuxo convocar unha praza de Administrativo/a de conformidade coas seguintes bases reguladoras:

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto da presente convocatoria á provisión dunha praza de ADMINISTRATIVO para a Asociación de Desenvolvemento da Comarca de A Mariña-GDR1, desenvolvendo as funcións propias do seu posto: envío e recepción de comunicación por correo ordinario e correo electrónico, atención ao teléfono e fax; mecanografiado, reprografía e arquivo de documentos, etc.

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS.

As características do posto que se oferta, titulación e requisitos, así como as retribucións anuais son:

Denominación:	Administrativo/a.
Titulación:	Formación Profesional de Grado Superior da Familia de Administración ou estudos superiores afíns á rama.
Retribución bruta anual:	17.000 euros brutos anuais, que se distribuirán en 14 pagas.
Duración:	Programa Leader de Galicia 2007-2013. Establécese un período de proba de 6 meses.
Xornada:	A establecida pola Asociación de Desenvolvemento Comarca de A Mariña-GDR1.

TERCEIRA.- REQUISITOS.

Poderán tomar parte no concurso-oposición todos/as os/as que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Ser español/a, ou natural dun Estado membro da Comunidade Europea ou de algún estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola

*ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE A MARIÑA-GDR1
PROGRAMA LEADER 2007-2013*

Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.

- b) Ter cumpridos 18 anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- c) **Estar en posesión do título correspondente a Formación Profesional de Grado Superior da Familia de Administración ou estudos superiores afíns á rama**, expedido por Centro Oficial debidamente recoñecido, ou estar en condicións de obtelo no mesmo día de finalización do prazo de presentación de instancias.

No caso de invocar un título equivalente ós esixidos haberá de acompañarse certificado expedido polo Consello Nacional de Educación que acredite a citada equivalencia.

- d) Coñecementos informáticos de nivel avanzado de usuario.
- e) Non desenvolver cargos electos na Asociación de Desenvolvemento Comarca de A Mariña-GDR1.
- f) Estar en posesión do carné de conducir tipo B.
- g) Disponibilidade de vehículo.
- h) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes á praza.
- i) Non estar incurso en causa de incapacidade, segundo a lexislación vixente.
- j) Non ter sido separado/a definitivamente, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. Os aspirantes cuxa nacionalidade non sexa española deberán acreditar igualmente, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal, que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
- k) Disponibilidade horaria.
- l) Dedicación exclusiva.

Os requisitos establecidos nos apartados anteriores deberán cumprirse o derradeiro día do prazo de presentación de instancias e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.

CUARTA.- SOLICITUDES.

4.1.- 4.1.- As instancias solicitando ser admitidos/as e tomar parte no proceso de selección, nos que os/as aspirantes deberán manifestar que coñecen as bases, someténdose ás mesmas e que reúnen os requisitos esixidos na Base Terceira estarán dirixidas ó Sr. Presidente da Asociación de Desenvolvemento da Comarca de A Mariña-GDR1 e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Mondoñedo, en horario de 09:00 a 14:00 horas, de luns a venres. O prazo de recepción de solicitudes rematará o luns 30 de marzo (inclusive), e estas deberán realizarse segundo o modelo que se xunta como anexo I ás presentes bases.

Tamén se poderán presentar as solicitudes e documentación conforme ás normas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común conforme á redacción dada pola Lei 4/1999. Se a documentación se remite por correo, o aspirante deberá xustificar a súa remisión enviando notificación por fax ao número 982 524 007 antes das 14 horas do último día no que remata o prazo de presentación.

4.2.- A instancia – solicitude será necesario acompañala dos seguintes documentos:

- Copia simple do D.N.I.
- Copia simple do permiso de conducir.
- Copia simple da titulación requirida.
- Currículo do/a aspirante, onde se relacionen os méritos.
- Copia simple dos xustificantes dos méritos alegados.
- Copia simple do informe de vida laboral e contratos.
- Declaración expresa de dispoñibilidade de vehículo.
- Declaración de non estar incurso nas causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma Galega, así como o compromiso de informar no caso de cambiar estas circunstancias.
- Declaración de que caso de ser a persoa seleccionada para o posto o desenvolverá con dedicación exclusiva
- Declaración de non estar incurso en causas de incapacidade, segundo a lexislación vixente.
- Declaración de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desempeño das correspondentes funcións.

*ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE A MARIÑA-GDR1
PROGRAMA LEADER 2007-2013*

A non presentación da anterior documentación motivaría a exclusión do procedemento de selección, agás no disposto na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no referente á subsanación de ditas omisións.

Ademais da documentación esixida para ser admitido/a deberá presentarse na mesma data:

- Documentación acreditativa dos méritos que aleguen para a súa baremación.
- A documentación acreditativa deberá referirse sempre á data indicada no punto 4.1 anterior. Non se valorarán aqueles méritos non acreditados convenientemente.

4.3.- Os/As aspirantes con algunha capacidade diminuída terán que indicalo na solicitude. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

QUINTA. - ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

5.1.- Expirado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia aprobará no prazo máximo de un mes a relación provisional de admitidos e excluídos, que será publicada no taboleiro de anuncios dos concellos do territorio do GDR-1 e na páxina web de AGADER, indicando as causas da exclusión e concedendo un prazo de cinco días naturais para a subsanación de defectos . De terse presentado reclamacións de dita lista provisional, serán aceptadas ou rexeitadas no acto polo que se aprobe a lista definitiva, que será feita pública e exposta así mesmo na forma indicada anteriormente. Conxuntamente coa lista definitiva de admitidos e excluídos publicarase a data, hora e comezo da fase de oposición.

De non existir excluídos na lista provisional, que é o que xustifica o prazo para a presentación de reclamacións, este omitirase elevándose dita lista a definitiva.

5.2.- Os erros de feito poderán subsanarse en calquera momento de oficio ou a petición do interesado.

SEXTA.- COMISIÓN DE AVALIACIÓN.

6.1.- Estará constituída da seguinte forma:

Presidente: o da Asociación, D. Anxo Martínez Pérez.

*ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE A MARIÑA-GDRI
PROGRAMA LEADER 2007-2013*

Vocais:

- Catro membros da Xunta Directiva designados por esta, a saber:
 - D. Daniel Villapol Valea (Vicepresidente da Asociación),
 - Dna. Azucena González Loreda (Secretaria da Asociación),
 - Dna. Belén González Martínez (vocal da Xunta Directiva) e
 - D. Lois Nieto López (vocal da Xunta Directiva).
- Un membro da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) que actuará con voz pero sen voto.

Secretaria: a da Asociación, Dna. Azucena González Loreda

6.2.- A Comisión non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, como mínimo, da metade dos seus membros. As decisión adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do Presidente, que deberá estar presente durante todo o proceso selectivo.

A Comisión poderá acordar a incorporación de asesores e especialistas para todas ou algunha das probas. Estes asesores limitaranse a valorar os exercicios correspondentes á súa especialidade técnica e colaborarán exclusivamente en base a dita especialidade.

6.3.- Os/As membros da Comisión deberán absterse de formar parte da mesma cando concorran as circunstancias previstas no artigo 28 de Lei 30/1.992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Tamén deberán absterse os/as membros do Tribunal que tiveran realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso a postos da especialidade que se convoca desta Asociación, nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Os/As aspirantes poderán recusalos/as cando concorran estas circunstancias.

6.4.- A actuación da Comisión axustarase estritamente ás bases da presente convocatoria.

Non obstante, a mesma resolverá as dúbidas que xurdan da súa aplicación e adoptará os acordos precisos para aqueles supostos non previstos nas bases.

SÉTIMA.- CALENDARIO DE REALIZACIÓN DAS PROBAS E ACTUACIÓN DOS ASPIRANTES.

As probas selectivas realizaranse nun prazo máximo de tres meses a partires da publicación do anuncio desta convocatoria.

OITAVA.- FASES DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

8.1.- O procedemento de selección dos/as aspirantes constará de tres fases:

FASE 1ª.- Proba práctica

Os/as candidatos/as admitidos/as realizarán unha proba práctica consistente na execución de varios exercicios mediante os cales se comprobe o cumprimento por parte dos solicitantes dos coñecementos e as aptitudes requiridas para o posto.

Os exercicios a realizar na proba consistirán no seguinte:

- Manexo dun programa procesador de textos.
- Manexo dun programa xestor de follas de cálculo.
- Manexo dun programa xestor de bases de datos.
- Manexo dun programa de presentacións gráficas.
- Realización dun exercicio de contabilidade xeral.
- Realización dun exercicio sobre nóminas e cotizacións á Seguridade Social.

A valoración máxima desta fase será de 65 puntos e superarán esta fase os que obteñan unha puntuación de alomenos 45 puntos. De non chegar ningún aspirante a esa cifra, pasarán á seguinte fase do proceso selectivo as 3 persoas que obtiveron as puntuacións máis altas.

FASE 2ª.- Entrevista persoal.

Realización dunha entrevista persoal de selección na que se valorará, ademais dos contidos propios do posto de traballo, a formación e experiencia profesional, os coñecementos, habilidades, capacidades e destrezas necesarios para o desenvolvemento do posto de traballo solicitado, actitude e motivación para o mesmo, capacidade de transmisión e/ou comunicación verbal e non verbal, etc., sendo a puntuación máxima a obter nesta fase de 20 puntos quedando eliminados aqueles/as que non acaden a puntuación mínima de 13 puntos.

*ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE A MARIÑA-GDRI
PROGRAMA LEADER 2007-2013*

O número de puntos que poderá ser outorgado por cada membro do Tribunal será de 0,00 a 20,00. A cualificación final do exercicio será a suma de todas as cualificacións outorgadas polos membros do Tribunal, dividida polo número de membros que teñan puntuado. Se se producira unha variación de 7 ou máis puntos nas cualificacións outorgadas polos membros do Tribunal, eliminaríanse as puntuacións maior e menor, obténdose entón o cociente por dous membros menos.

FASE 3ª.- Concurso de méritos.

A valoración do Currículo do/a candidato/a non poderá ser superior a 15 puntos e non terá carácter eliminatorio. Procederáse á valoración dos méritos, de acordo co baremo que figura a continuación:

Formación: (Máximo 6 puntos)

Cursos e congresos impartidos ou recibidos relacionados co posto de traballo

- a) Por cada curso maior de 20 horas e menor ou igual a 40 horas: 0,6 puntos.
- b) Por cada curso maior de 40 horas e menor ou igual a 100 horas: 1,2 puntos.
- Por cada curso maior de 100 horas : 3,0 puntos.

Por ter outras titulacións superiores ás esixidas na convocatoria nas ramas de Administración de Empresas, Económicas, Empresariais, Informática, Graduado Social e Turismo ou relacionadas co desenvolvemento rural (máximo 1,8 puntos):

- Técnico superior rama administrativa: 0,6 punto.
- Diplomatura ou Enxeñaría Técnica: 1,2 puntos.
- Licenciatura ou Enxeñaría Superior: 1,8 puntos.

Experiencia Profesional: (Máximo 9 puntos)

- a) Experiencia como administrativo de programas Leader, Proder ou Agader vinculados ao desenvolvemento rural: (0, 3 puntos por cada 3 meses ou 90 días acumulados traballando).
- b) En empresas ou administracións públicas en temas relacionados co posto de traballo (0, 18 puntos por cada 3 meses ou 90 días acumulados traballando).
- c) Experiencia en posto de administrativo/a: (0, 12 puntos por cada 3 meses ou 90 días acumulados traballando).

8.2.- Acreditación de méritos:

A acreditación de méritos farase mediante a presentación da seguinte documentación debidamente cotexada:

a) Experiencia laboral:

- A experiencia laboral acreditarase mediante contratos de traballo e certificados de empresa modelo oficial ou outros documentos oficiais que reflectan claramente o posto desempeñado, a categoría e a duración da relación laboral e ademais mediante certificado de vida laboral expedido pola Seguridade Social co que se constatarán os documentos anteriores.
- No caso de traballadores autónomos o Certificado de vida laboral deberá acompañar as correspondentes liquidacións do IAE ou ben documento expedido pola Seguridade Social no que se indique o período de cotización e a actividade desempeñada.

b) Formación recibida:

- A formación acreditarase mediante diplomas, títulos, ou certificados da entidade que imparte a formación, facendo necesariamente referencia ao número de horas, e debendo aparecer así mesmo: contidos, datas de impartición e emisión, datos da entidade que imparte a formación, identificación da persoa que certifica (nome e cargo da mesma) e selo da entidade.
- As horas de formación as que se fai referencia, computaranse exclusivamente cando se teñan conseguido nun só curso formativo. Non se sumarán, en ningún caso, as horas de cursos distintos aínda tratándose da mesma materia. Por tanto, deberán absterse de presentar acreditacións de cursos con unha duración inferior as 20 horas de formación técnica relacionada coa praza solicitada.
- A xustificación académica realizarase co correspondente título ou resguardo da solicitude do mesmo.

Condicións Xerais:

- 5. Non se admitirán acreditacións fóra do prazo de presentación sinalado na base 4.1.**
- 6. A documentación aportada quedará no expediente, sen posibilidade de recollida posterior ao proceso de selección.**

NOVENA.- CLASIFICACIÓN DEFINITIVA.

A puntuación final total de cada aspirante obterase sumando a puntuación total das tres fases. En caso de empate, dirimirase por aquel aspirantes que tivera alcanzado mellor puntuación na fase 1ª. De persistir o empate, romperase este pola maior cualificación na fase 2.

DÉCIMA.- ACTUACIÓN DOS ASPIRANTES.

10.1.- A orde de actuación dos/as aspirantes na segunda fase, será por orde alfabético de primeiro apelido, comezando coa letra que se determine en sorteo previo.

10.2.- Os/as aspirantes serán convocados/as, provistos de D.N.I., en chamamento único. A non presentación dun/ha aspirante ao exercicio da segunda e terceira fase no momento de ser chamado, determinará automaticamente o cese do seu dereito a participar no mesmo, quedando excluídos, en consecuencia, do procedemento selectivo.

UNDÉCIMA. – RELACIÓN DE APROBADOS, PROPOSTA DE CONTRATACIÓN E BOLSA DE TRABAJO.

11.1.- Finalizada a cualificación dos/as aspirantes das probas previstas, o Tribunal publicará a relación de aprobados pola orde de puntuación obtida, resultando seleccionado o aspirante con maior nota acadada.

Acto seguido, por orde do Sr. Presidente, elevarase a definitiva a proposta do Comité de Avaliación do aspirante con mellor puntuación.

11.2.- Notificada a resolución do nomeamento, deberá o/a interesado/a comparecer para subscribir o contrato correspondente e comezará a prestar o seu servizo no día que se lle indique.

11.3.- Para os supostos de quedar vacante por renuncia, baixa voluntaria, baixa por enfermidade, ausencia, suspensión legal do correspondente contrato ou outras causas, pola Presidencia da Asociación de Desenvolvemento da Comarca de A Mariña-GDR1 procederase a realizar as contratacións da bolsa de traballo que se teña constituído co resto de aspirantes que teñan superado as fases dúas e tres (fase de oposición).

*ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE A MARIÑA-GDRI
PROGRAMA LEADER 2007-2013*

DUODÉCIMA.- NORMA FINAL

Os procedementos establecidos nas bases así como as actuacións derivadas da súa aplicación por parte do Tribunal de Selección, poderán ser impugnados no prazo e forma establecidos na Lexislación que resulte de aplicación.

DILIXENCIA: Póñoa eu, a Secretaria, para facer constar que as presentes bases foron aprobadas pola Xunta Directiva de data 3 de marzo de 2009.

En Mondoñedo, a 17 de Marzo de 2.009

Asdo: M^a Azucena González Loredo

Secretaria

ANEXO I

D/Dna.....,
con D.N.I. nº, Data de nacemento: /.... /,

Enderezo:,

C.P.:, Concello:, Provincia:,

Tfno. fixo:, Tfno. móbil:,

Fax:, Correo-e:

en virtude da convocatoria de contratación de persoal para a xestión do programa. LEADER 2007-2013, realizada pola ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE A MARIÑA-GDR1,

SOLICITA

Participar no proceso de selección do posto de

Achégase a seguinte documentación:

Documento nacional de identidade.

Currículum Vitae, coas copias dos documentos aos que se fai referencia.

Documento acreditativo de, non estar, nin ter estado sometido a expediente disciplinario.

Permiso de conducir tipo B.

.....
.....
.....
.....

En.....a.....de.....2.009.

Asdo.

ANEXO II.- TEMARIOS PARA AS PROBAS DE SELECCIÓN

A) XERENTE/A

1. O Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia (2007-2013): o programa LEADER.
2. A metodoloxía LEADER: principios, obxectivos, ferramentas.
3. O Regulamento do FEADER.
4. Outros programas e iniciativas europeas de desenvolvemento: LIFE, EQUAL, INTERREG.
5. O GDR-1 de A Mariña Luguesa: programa, estatutos, estrutura, funcións e competencias.
6. O ámbito territorial do GDR-1 de A Mariña Luguesa: historia, poboación, estrutura socio-económica, patrimonio.
7. Outros programas en marcha para a posta en valor do territorio. O GAC.
8. A Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
9. Programas de subvencións aplicables a iniciativas a desenvolver no territorio.

B) TÉCNICO/A

1. O Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia (2007-2013): o programa LEADER.
2. A metodoloxía LEADER: principios, obxectivos, ferramentas.
3. O Regulamento do FEADER.
4. O GDR-1 de A Mariña Luguesa: programa, estatutos, estrutura, funcións e competencias.
5. O ámbito territorial do GDR-1 de A Mariña Luguesa: historia, poboación, estrutura socio-económica, patrimonio.
6. Análise da viabilidade de proxectos.
7. Técnicas e ferramentas para a animación de proxectos no medio rural.
8. A Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

C) ADMINISTRATIVO/A

1. O Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia (2007-2013): o programa LEADER.
2. A metodoloxía LEADER: principios, obxectivos, ferramentas.
3. O GDR-1 de A Mariña Luguesa: programa, estatutos, estrutura, funcións e competencias.
4. O ámbito territorial do GDR-1 de A Mariña Luguesa: historia, poboación, estrutura socio-económica, patrimonio.
5. A Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.